



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Concepción Pérez Díaz solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.73893

As obras solicitadas consisten na execución de peche no predio con referencia catastral 3010005PJ3131S0001TQ; na zona de policía do rego de Cesuras; no lugar de San Lázaro, 115; na parroquia da Nosa Señora dos Remedios; no concello de Mondoñedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Mondoñedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 7 de xullo de 2021.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2067

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Joé Varela Bolón, solicita de Augas de Galicia por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras en zona de policía, no polígono 115, parcela 274, no lugar de A Escanajada, parroquia de Cabanas (Santa María), Concello de Vicedo (O) (Lugo). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.76696.

As obras solicitadas consisten na execución de gabias de drenaxes, para un mellor aproveitamento agrícola da parcela.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vicedo (O) ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ Vicente Ferrer 2, 9º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 6 de xullo de 2021 O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2068

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

De acordo cos principios de publicidade e transparencia, faise público que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o 25.06.2021 acordou dar aprobación as bases de selección das persoas usuarias do programa "LugoTermal", así como, a súa publicación e convocatoria

BASES SELECCIÓN PARTICIPANTES PROGRAMA LUGOTERMAL

A Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Ase mesmo, a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local no seu artigo 36 establece as competencias propias das Deputacións que serán as que lle atribúan en este concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores de la acción pública, establecendo, entre outras, cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, e asegurar o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal. Neste senso, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece como competencias das Deputacións no artigo 109. d) o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: prever a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das seus competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes

Coa entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (LRSAL), establece que as entidades locais non asuman competencias que non lles atribúe a lei e para as que non contén co financiamento adecuado. Por tanto, só poderán exercer competencias distintas das propias ou das atribuídas por delegación cando non se poña en risco a sustentabilidade financeira do conxunto da Facenda local.

En virtude de que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local, de acordo co artigo 27 do seu Estatuto de autonomía, así como de acordo co seu artigo 49 a tutela financeira sobre os entes locais, respectando a autonomía que a estes recoñécenlles os artigos 140 e 142 da Constitución e de conformidade co artigo 27.2 do Estatuto, ditouse a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, a cal no seu artigo 3 establece en relación as competencias das entidades locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, no seu apartado 3. a) que non se entenderá como exercicio de novas competencias a continuidade *na prestación dos servizos xa establecidos*, sendo este o caso que nos ocupa, xa que os programas de termalismo lévanse desenvolvendo por parte desta Deputación dende o ano 2011 nas súas diferentes edicións, dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero-medicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, na provincia de Lugo, segundo o establecido no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia,

A Deputación de Lugo pretende levar a cabo, un ano mais, un programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa terá como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 50 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Co obxecto de seleccionar ao participantes deste programa redáctanse as presentes bases de selección para proceder a súa convocatoria.

Base 1. Obxecto

O obxecto destas bases é a oferta de prazas para tratamentos termais con e sen estancia na provincia de Lugo dentro do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo denominado "LugoTermal", así como, proceder a súa convocatoria.

A tal efecto enténdese por establecementos balnearios da provincia de Lugo aqueles que empreguen as augas mineromedicinais declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo a Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia e se atopan nalgún dos concellos desta provincia.

Base 2. Participantes

Poderán ser persoas beneficiarias do programa de Benestar Social da Deputación de Lugo “LugoTermal” en establecementos balnearios da provincia de Lugo aquelas que reúnan os seguintes requisitos na data na que solicite a participación no programa:

- a. A solicitante titular do Programa deberá cumprir os requisitos de estar empadroada nalgún dos concellos da provincia de Lugo e ter cando menos os 50 anos cumpridos. A titular, poderá participar cunha acompañante que non cumpra os requisitos contemplados neste parágrafo.
- b. Valerse por se mesma para as actividades da vida diaria e estar en condicións de participar no programa, excepto no caso de fillos/as que acudan en calidade de acompañantes, os cales deberán compartir habitación cos proxenitores, os cales serán os responsables dos mesmos.
- c. Non padecer alteracións do comportamento que podan afectar á normal convivencia nos establecementos, nin padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio.
- d. Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais.

Base 3. Prazas convocadas

Convócanse para participar no programa “LugoTermal” as prazas reflectidas no anexo II na modalidade A, tratamentos con estancia, así como, na modalidade B, tratamentos sen estancia, que se levarán en diferentes quendas e establecementos termais da provincia de Lugo durante o período comprendido dende a aprobación e entrada en vigor das presentes bases ata o 30.06.2022. En todo caso o inicio da prestación dos servizos termais estará supeditado á formalización do contrato dos mesmos (2021/CON_02/000019) e a súa duración.

Base 4. Servizos e prestacións ofertados

Modalidade A, tratamentos con estancia:

- a. Serán estanzas, nos establecementos termais da provincia de Lugo, que participen no programa, de seis (6) días e cinco (5) noites en réxime de pensión completa en habitacións de uso compartido. Con carácter xeral o domingo será o día de entrada.
- b. Se atenderá a dispoñibilidade dos establecementos para concretar o momento de acceso e saída aos mesmos, sendo acordado previamente coas participantes, pero en todo caso, a participante terá incluída unha pensión completa entre os días de entrada e saída (almorzo, xantar e cena)
- c. Con carácter xeral cada persoa participante do proxecto “LugoTermal” e por estancia terá cinco (5) días de tratamento nos cales se lles aplicarán como mínimo de quince (15) tratamentos, podendo ser ampliado por cada establecemento termal, en función da circunstancia persoal de cada participante e dispoñibilidade. Non se aplicarán as técnicas termais, cando estea contraindicado polo médico do establecemento termal correspondente, ou cando o usuario así o solicite expresamente, tendo que facilitarlle o balneario algunha alternativa, sempre que sexa viable e posible, sen custe adicional.
- d. Os tratamentos termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.
- e. As participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas ou se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.
- f. Se terán en conta as características das participantes do programa á hora de confeccionar os menús, tendo en conta que as persoas que por prescrición facultativa requiran menú de réxime e así o acrediten, disporán dun menú especial. En todo caso o servizo de manutención poderase realizar en réxime de autoservizo ou con servizo en mesa. Se o establecemento optase polo autoservizo, deberá de prever persoal de apoio para os usuarios que o precisen.
- g. O tipo de almorzo será, como mínimo, o denominado “continental”, composto por café e/ou infusións, zume, pastelería variada e tostadas, aceite de oliva, manteiga e marmeladas; os menús serán variados, ofertando, polo menos, dúas modalidades diferentes, tanto para o primeiro como para o segundo prato e sobremesa.
- h. Os menús do xantar e da cea incluírán viño de mesa de calidade meda e auga embotellada ou a propia do balneario, cando esta teña sido declarada oficialmente como auga mineromedicinal de utilidade pública e apta para a bebida, sobre todo se é para os tratamentos dos aparatos dixestivo, renal ou vías urinarias.

- i. Os establecementos participantes deberán cumprir os requisitos de accesibilidade, dispor de teléfono e de cuartos para compartir, con baño completo ou ducha, auga quente e calefacción, no suposto de concertarse prazas para meses nos que este servizo é necesario.
- j. Realizarase o asero diario das habitacións. O servizo de toallas mudarase tódolos días, tendo en conta ás políticas de protección do medio ambiente. A roupa da cama cambiarase, polo menos, dúas veces por estancia.
- k. O programa termal se complementará cun programa de animación sociocultural.
- l. As persoas beneficiarias que estean interesadas en aloxarse en habitación individual, no caso de que houberse dispoñibilidade, teranse que facer cargo da diferenza do custo que supoña, e as que precisen dalgún tipo de apoio ou dieta especial terano que indicar no momento de presentar a solicitude e acreditarlo ao incorporarse á quenda.
- m. As beneficiarias que estean interesadas en participar nas excursións ou actividades con custo adicional que organice o establecemento termal ou hostaleiro, deberán de facer polos seus propios medios e ao seu cargo.
- n. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas beneficiarias.
- o. Existirá a posibilidade de prolongar a súa estadía no establecemento termal tras rematar a súa estancia ao abeiro do Programa, cun prezo especial, en virtude da dispoñibilidade do establecemento, non estando sufragado dita ampliación pola Deputación de Lugo.
- p. Existirá a posibilidade de prolongar a súa estadía no establecemento termal tras rematar a súa estancia ao abeiro do Programa, cun prezo especial, en virtude da dispoñibilidade do establecemento, non estando sufragado dita ampliación pola Deputación de Lugo.

Modalidade B Termalismo sen estancia

- a. Trátase de recibir como mínimo (trinta) 30 técnicas termais durante dez días (con carácter xeral de luns a venres), sen estancia nos establecementos termais da provincia de Lugo.
- b. Os tratamentos termais realizaranse utilizando as técnicas específicas de cada modalidade terapéutica concertada, adecuadas á circunstancia persoal de cada participante, en función da tolerancia e características do mesmo, e sempre baixo prescrición facultativa e seguimento médico.
- c. As persoas participantes terán un recoñecemento médico previo a aplicación das técnicas termais, co obxecto de coñecer a súa situación médica inicial e prescribir o tratamento termal mais axeitado. O/a médico do establecemento termal deberá efectuar un correcto seguimento dos tratamentos/técnicas termais co obxecto de controlar a evolución nos participantes, co especial vixilancia daquelas persoas que padecen enfermidades crónicas o se atopan en tratamento farmacolóxico que puidera verse afectado por estas técnicas termais. Poderase realizar un último control médico emitíndose un informe, a petición da persoa usuaria, no que se describan tódalas características do tratamento efectuado, a evolución durante o mesmo, así como, as posibles recomendacións.
- d. O desprazamento desde o domicilio ata o establecemento termal así como o de regreso correrá a cargo das persoas participantes.

Base 5. Prezo das prazas

Modalidade A Termalismo con estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo de 250,00€ por usuaria e estancia con IVE, dos cales a Deputación de Lugo sufragaría como máximo 60,50€ con IVE persoa/estancia e os restante **189,50€ con IVE** correrá a cargo de cada persoa participante por estancia.

O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos incluídos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos.

Modalidade B Termalismo sen estancia:

Esta modalidade do Programa tería un custe total máximo a sufragar polos participantes de 200,00€ con IVE. O citado importe é prezo cerrado para todos os servizos engadidos no programa, sen que proceda efectuar dedución algunha se por calquera causa imputable á persoa beneficiaria esta non desfrutase da totalidade de dito servizos.

Base 6. Presentación de solicitudes

A solicitude, presentarase conforme ao modelo oficial que figura no **Anexo I**, dirixíndoa ao Sr. Presidente da Deputación de Lugo e presentándoa, preferentemente no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, na sede electrónica desta administración <https://sede.deputacionlugo.org/opencms/opencms/sede> ou ben por calquera dos medios previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo para presentar a solicitude será dende o día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, quedando aberta o prazo ata o remate do programa ou ata que se esgoten as prazas convocadas.

Existen impresos normalizados establecidos ao efecto que poderán obter por medios electrónicos na páxina principal da web da Deputación Provincial de Lugo (www.deputacionlugo.gal).

Base 7. Solicitudes e documentación complementaria necesaria para a súa tramitación.

- As solicitudes formuláranse no modelo oficial que se indica no **anexo I** de estas bases, tendo que acompañalos de **copia do DNI** ou NIF da persoa interesada en participar, ou documento que regulamentariamente o substitúa e do seu acompañante se fora o caso.
- As solicitudes deberán ter os elementos básicos para poder localizar ás persoas interesadas en participar no programa, as solicitudes que non conteñan os datos mínimos expresados no artigo 66 da lei 39/2015, de 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non serán cursadas
- Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicarse o procedemento que ocupa, o código de expediente, se se dispón del e o servizo responsable do procedemento.
- A Deputación de Lugo, poderá, se así o considera necesario, solicitar documentación as persoas interesadas e realizar as comprobacións e verificacións que considere oportunas acerca dos datos e documentos presentados polas persoas solicitantes, con especial mención ao empadramento.
- A presentación das solicitudes supón a aceptación das condicións do programa, requisitos e obrigas fixados nel, ademais a concorrencia neste procedemento implica a manifestación tácita de consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación consonte co previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos de carácter persoal será estritamente tramitación dos expedientes. En calquera caso resulta de aplicación a previsión contida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Base 8. Instrución

Benestar Social e Igualdade será quen procederá a revisar as solicitudes e maila documentación presentada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderase reclamar aos solicitantes que emenden os defectos apreciados, de conformidade ao artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procedendo ao desestímulo e ao arquivo da mesma, no caso de non efectuar a emenda solicitada. Ase mesmo, se realizarán de oficio cantas actuacións se estimen necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos que constan na solicitude.

A selección de participantes farase atendendo ao rigoroso orde de rexistro no rexistro xeral da Deputación de Lugo, xa sexa de maneira presencial ou telemáticamente, a través da sede electrónica, unha vez completa a solicitude. Seguidamente remitirase aos establecementos termais participantes, para a asignación da quenda oportuna, que será acordada entre o establecemento elixido e as solicitantes, tendo en conta as preferencias destas, e a dispoñibilidade termal, así como, co recollido nas presentes bases.

Unha vez confirmada as datas de participación entre as persoas usuarias e os establecementos termais, estes remitirán ditos datos á Deputación de Lugo para proceder á súa aprobación definitiva.

Aquelas persoas usuarias que sexan chamadas e non acepten as condicións ofertadas ou rexeiten participar no programa deberán comunicar dita decisión á Deputación de Lugo, para que estes sexan eliminados da lista de agarda e podan concorrer outros solicitantes as prazas que ata ese momento constarán reservadas para esas persoas.

A resolución de participantes lle corresponde á Presidencia da Deputación de Lugo. Contra a indicada resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer os seguintes recursos, sen prexuízo dos cales os interesados poderán exercer calquera outro que consideren procedente: recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución, perante o mesmo órgano que adoptou a resolución, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 de la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, computado a partir do día seguinte ao da notificación ou publicación da resolución.

Base 9. Comunicación aos interesados

Todas as comunicacións aos interesados realizaranse se conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos e comunicacións relativas ao Programa que procedan en virtude do procedemento administrativo, faranse públicas no taboleiro de Anuncios da Deputación e na páxina www.deputacionlugo.org xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando a Administración estime que a publicación efectuada resulta insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico a dirección que os interesados designasen. O prazo para considerar rexeitada a notificación, cos

efectos previstos no artigo 44 da lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de cinco días.

Base 10. Confirmación das prazas e lista de espera

Unha vez notificada a concesión da praza, para poder facer uso dela, as persoas beneficiarias terán a obrigaçión de presentar o BonoTermal nominativo, que será facilitado pola Deputación de Lugo, para a súa presentación no establecemento Termal na quenda correspondente e que lle acreditará como participante do Programa.

As persoas solicitantes que, cumprindo os requisitos establecidos para participar no presente programa, non obteñan praza, quedarán incluídas nunha listaxe de agarda, e serán chamadas por rigorosa orde de rexistro-validación da solicitude, segundo queden vacantes dispoñibles na opción elixida.

Cando a persoa solicitante titular sexa chamada tres veces e non se obteña resposta, poderá o centro xestor pasar ao seguinte da listaxe, co fin de axilizar o procedemento, sen que isto supoña a expulsión da listaxe para a primeira.

Existirá a posibilidade de que calquera participante do proxecto "LugoTermal" poda volver a participar no mesmo, sempre e cando existan prazas sen cubrir e non exista lista de espera. En último termo, os novos solicitantes sempre terán prioridade sobre estes.

Base 11. Renuncia á praza.

No caso de que a persoa beneficiaria renuncie á praza outorgada no Programa "LugoTermal" deberá comunicalo por escrito empregando a declaración de renuncia ao posto, modelo adxunto como anexo III, no prazo de 10 días contados a partir da notificación do outorgamento á Deputación Provincial de Lugo. De non presentarse a renuncia no prazo establecido será motivo de exclusión directa para novas solicitudes. As persoas participantes non poderán volver a optar a novas solicitudes deste programa, salvo que a renuncia se xustifique axeitadamente (problemas de saúde, familiares...).

A persoa beneficiaria no caso de non poder acudir o día de entrada no establecemento balneario asignado, deberá comunicar tal circunstancia ao mesmo coa máxima prema, podendo facelo telefonicamente, así como, con posterioridade á Deputación de Lugo, o mais cedo posible para a persoa beneficiaria.

A persoa beneficiaria que tivera outorgada a praza e non se presentase no día e establecemento asignado perderá o dereito a participar neste programa ao abeiro da resolución que lle concedía este dereito.

Base 12. Perda da condición de beneficiaria do programa.

Ademais das circunstancias establecidas na base 8 das presentes bases, tamén perderán a condición de persoa beneficiaria participante do programa aquelas que non abonen ao establecemento termal, o importe da cantidade estipulada para a praza que se lle outorgou.

A consignación ou achega de datos ou documentos falseados ou inexactos para a obtención das prazas reguladas polas presentes bases, implicará a cancelación da praza obtida, no suposto de que non se participase na quenda, ou a obriga, por parte da persoa interesada, de abonar o prezo real da praza, sen prexuízo das acciónes que procedan na aplicación da normativa vivente, si xa desfrutara a quenda.

Base 13. Normativa

Establecementos termais e usuarias deberán de respectar e cumprir a normativa vixente de aplicación propia da natureza da actividade, salientando a sanitaria derivada da pandemia polo Covid-19.

Lugo, O Presidente, P. D. Decreto de data 26-07-2019 o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón.

**ANEXO I SOLICITUDE
(ACOMPAÑAR CON FOTOCOPIA DO DNI)**

1. DATOS PERSOA TITULAR SOLICITANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DNI

DATA DE NACEMENTO

CONCELLO NO QUE SE ATOPA

EMPADROADO

1.1 DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

DOMICILIO (RÚA, NÚMERO, ESCALEIRA..)

CÓDIGO POSTAL

CONCELLO

TELÉFONO/S DE CONTACTO

OU

1.2 PREFERENCIAS

ESTABLECEMENTO TERMAL DE PREFERENCIA 1

ESTABLECEMENTO TERMAL DE PREFERENCIA 2

MODALIDADE

MESES DE PREFERENCIA

OU

1.3 DECLARACIÓN RESPONSABLE, DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

-Que **SI** me valgo por min mesmo/a para as actividades da vida diaria.

-Que **SI** estou en condicións de participar no programa LugoTermal.

-Que **NON** presento alteracións do comportamento que me impidan a convivencia nos establecementos termais.

-Que **NON** padezo enfermidade transmisible con risco de contaxio.

-Que **NON** teño contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termais e **ACEPTO** as bases do programa LugoTermal

En a de de

Asinado:

2.DATOS DA PERSOA ACOMPAÑANTE

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DNI

DATA DE NACEMENTO

TELEFONO DO ACOMPAÑANTE

2.1 DECLARACIÓN RESPONSABLE, DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que consigno na presente solicitude, manifestando que quedo informado/a da obriga de comunicar á Deputación de Lugo calquera variación que dos mesmos puidera producirse no sucesivo, así como:

ANEXO II

Ofértanse prazas de termalismo nos seguintes destinos, quedando os mesmos subordinados á contratación das prazas termais necesarias de maneira efectiva e cuxa resolucións sexan firmes.

Programa CON ESTANCIA 6 días e 5 noites, entrada Domingo	Prazas	Técnicas	Achega persoa usuaria	Achega deputación
BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. (LUGO)	100	15	189,50 €	60,50 €
HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. (PANTÓN)	700	15	189,50 €	60,50 €
BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.(PALAS DE REI)	200	15	189,50 €	60,50 €

Programa SEN ESTANCIA, 10 días de luns a venres	Prazas	Técnicas	Achega persoa usuaria	Achega deputación
BALNEARIO Y TERMAS DE LUGO, S.L. (LUGO)	100	30	200,00 €	0,00 €
HOTEL BALNEARIO AUGAS SANTAS, S.L. (PANTÓN)	150	30	200,00 €	0,00 €
BALNEARIO DE RIO PAMBRE, S.L.(PALAS DE REI)	70	30	200,00 €	0,00 €

Anexo III**Declaración renuncia á praza**

D./D^a. Con DNI/NIF

na miña condición de beneficiario do programa Lugothermal

Renuncio a praza outorgada na entidade.....

En _____, a _____ de de 202

(sinatura do beneficiario)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Lugo, 25 de xuño de 2021.- O Presidente, P. D. Decreto de data 26-07-2019 o deputado delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón (asinado dixitamente)

R. 1940

CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía número 109 de 6 de xullo de 2021, prestouse aprobación inicial aos seguintes padróns, correspondentes ao **segundo** trimestre do ano 2021:

- Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, **no que se inclúe o canon da auga (2º trimestre do ano 2021)**.
- Padrón da taxa por recollida de lixo.
- Padrón de augas residuais e sumidoiros.

Expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto da aprobación dos padróns de: abastecemento de auga a domicilio, recollida de lixo e augas residuais e sumidoiros, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre: Alcalde-Presidente do Concello de Baralla.

Contra a Resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A falta de pagamento do Canon da Auga, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende esta notificación.

Baralla, 6 de xullo de 2021.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2069

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de xuño de 2021, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de maio de 2021 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 2º bimestre de 2021 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de xullo ao 14 de outubro de 2021. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello.

Cervo, 30 de xuño de 2021. O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2070

CHANTADA

Anuncio

CORRECCION DE ERROS

Visto que con data do 27/12/2020 se dictou a seguinte resolución da alcadía “Decreto polo que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as na convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos para o posto de conserxe dos edificios públicos no concello de Chantada”.

Visto que por erro material na Base sétima “Proceso de selección” se omitiu a proba referente o exame da lingua galega.

Visto que conforme o artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas “Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Vistas as competencias conferidas en materia de réxime local.

RESOLVO

PRIMEIRO: Corrixir os erros advertidos no apartado de proceso de selección que figuran nos antecedentes da resolución: 2020-0590 de tal forma que,

DONDE DI:

“SEGUNDO.- SETIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema selectivo de concurso oposición, desenvolverase baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia prescritos na Lexislación vixente.

Fase de Oposición:

Esta fase de proceso de selección constará dun exercicio eliminatorio. A puntuación mínima será de 0 de a máxima de 10. Os aspirantes que non alcancen 5 puntos quedarán eliminados do proceso de selección e serán cualificados como “non aptos”.

A proba de carácter obrigatorio e eliminatorio igual para todos os aspirantes, consistirá en contestar por escrito un exercicio práctico tipo test de 50 preguntas, máis 5 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. As preguntas de reserva só se corrixirán se algunha das 50 primeiras e reclamada por algún aspirante e a citada reclamación e estimada por Tribunal; nese suposto anularase a pregunta e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así si houberse máis impugnacións estimadas polo Tribunal, sempre seguindo a orde establecida nas preguntas de reserva.

Todas as preguntas estarán relacionadas co temario recollido no Anexo II destas bases.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos.

DEBE DICIR

SETIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema selectivo de concurso oposición, desenvolverase baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia prescritos na Lexislación vixente.

Fase de Oposición:

O procedemento selectivo consistirá na superación dos seguintes exercicios:

a).- Esta fase de proceso de selección constará dun exercicio eliminatorio. A puntuación mínima será de 0 de a máxima de 10. Os aspirantes que non alcancen 5 puntos quedarán eliminados do proceso de selección e serán cualificados como “non aptos”.

A proba de carácter obrigatorio e eliminatorio igual para todos os aspirantes, consistirá en contestar por escrito un exercicio práctico tipo test de 50 preguntas, máis 5 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. As preguntas de reserva só se corrixirán se algunha das 50 primeiras e reclamada por algún aspirante e a citada reclamación e estimada por Tribunal; nese suposto anularase a pregunta e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así si houberse máis impugnacións estimadas polo Tribunal, sempre seguindo a orde establecida nas preguntas de reserva.

Todas as preguntas estarán relacionadas co temario recollido no Anexo II destas bases.

O b).- *Coñecemento da lingua galega.*

Constará de dúas probas:

Primeira: traducción dun texto do castelán ao galego proposto polo tribunal.

Segunda: traducción dun texto do galego ao castelán proposto polo tribunal.

O exercicio valorarase como apto ou no apto e, para superalo, será necesario obter o resultado de APTO. Corresponderalle o Tribunal determinar o nivel de coñecemento esixido.

Estarán exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posuían o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG nº 146, do 30 de xullo)."

Fase de Concurso. Nesta fase valorarase:

EXPERIENCIA: Valoraranse os servizos prestados na Administración, en réxime laboral ou funcionarial, coa categoría de conserxe a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado, a xornada completa, cun máximo de 3 puntos. Para acreditar este mérito deberase achegar certificado emitido polo órgano competente da Administración correspondente no que se indique o posto ocupado, o tempo durante o que prestou servizos e a xornada. No caso de que os servizos non fosen prestados a xornada completa, a puntuación aplicarase proporcionalmente á duración da xornada. A valoración realizarase por mes completo.

TITULACION: Valorarase estar en posesión dalgunha titulación oficial superior á requirida a efectos de admisión na convocatoria, cun máximo de 1 punto, seguindo a seguinte relación por titulación:

- Bacharelato ou formación profesional de grao medio ou técnico en FP, bacharelato superior, FP2 ou equivalente: 0,25 puntos.

- Título de formación profesional de grao superior ou técnico superior: 0,50 puntos.

- Diplomatura, enxeñería técnica ou equivalente: 0,75 puntos.

- Licenciatura, enxeñería ou equivalente: 1 punto.

- Celga 3: 0,25 puntos.

- Celga 4 ou Celga 5: 0,75 puntos.

Só se valorará o título superior presentado.

Á fase de concurso só poderán optar os aspirantes que superasen a fase previa de oposición consistirá na valoración dos méritos alegados e documentalmente xustificadas de acordo co baremo establecido no parágrafo anterior.

En ningún caso o tribunal poderá valorar como méritos aqueles que non fosen xustificadas de acordo co establecido nas presentes bases.

Establécese un período de proba de dous meses. Transcorrido devandito período, o persoal que o supere satisfactoriamente adquirirá a condición de persoal laboral temporal.

OITAVA.- LISTA PROVISIONAL .

Unha vez terminada a cualificación provisional dos aspirantes, o Tribunal fará público no taboleiro electrónico e o portal de transparencia desta Corporación, a lista provisional coas puntuacións provisionais obtidas por cada aspirante en cada fase do proceso selectivo (fase de oposición), así como ás correspondentes aos méritos profesionais e aos formativos. Por último, sinalarase a puntuación provisional total obtida .

Contra esta lista provisional poderanse presentar alegacións, que non terán carácter de recurso, #ante o Tribunal Cualificador, no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da mesma. Ditas alegacións serán decididas na cualificación definitiva.

NOVENA.- PUNTUACIÓN DEFINITIVA E CRITERIOS DE DESEMPATE.

Transcorrido o prazo referido na base anterior e resoltas as alegacións no seu caso presentadas, o Tribunal Cualificador fará pública a relación definitiva por orde de puntuación total obtida. Dita publicación farase no taboleiro electrónico e o portal de transparencia do Concello.

En caso de empate na puntuación entre dúas ou máis aspirantes, este resolverase a favor do que maior puntuación obtivo na fase de oposición, no caso de persistir o empate, este resolverase a favor do aspirante que teña maior puntuación nos méritos formativos, en caso de manterse a igualdade, esta resolverase por un sorteo público entre os aspirantes empatados.

Se o Tribunal apreciase que os aspirantes non reúnen as condicións mínimas necesarias para ser contratados, poderá declarar deserto o procedemento selectivo.

DECIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

Atribúese ao Sr. Alcalde -Presidente da Corporación a facultade de interpretar estas bases, a resolución de incidencias e recursos, ata o acto de constitución do Tribunal, en que se atribuirá a este, a facultade de interpretación e resolución de incidencias.

DECIMOPRIMEIRA.- BOLSA DE TRABALLO

Todas as persoas que superen o proceso de selección, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias, para contratación de persoal nas distintas áreas de prestación de servicios desta Administración, como persoal laboral temporal no Concello de Chantada.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá a vixencia máxima de catro anos desde a súa aprobación.

E no momento da súa utilización os aspirantes deben presentar toda a documentación que acredite o cumprimento de todos os requisitos esixidos.

DÉCIMO TERCEIRO - RECURSOS.

Contra as presentes bases poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o órgano que aprobou as bases no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa última publicación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

Os actos administrativos que se deriven das presentes Bases e das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Chantada, 8 de xullo de 2021.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2082

*Anuncio***CORRECCION DE ERROS**

Visto que con data do 13/12/2020 se dictou a seguinte resolución da alcadía *“Decreto aprobación bases para a creación dunha bolsa de emprego de funcionarios interinos para o posto de auxiliar administrativo no concello de Chantada”*.

Visto que por erro material na Base sétima “Proceso de selección” se omitiu o sistema de puntuación da proba referida.

Visto que conforme o artigo 109 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas “Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos.”

Vistas as competencias conferidas en materia de réxime local.

RESOLVO

PRIMEIRO: Corrixir os erros advertidos no apartado de proceso de selección que figuran nos antecedentes da resolución: 2020-0588 de tal forma que,

DONDE DI:

“SEGUNDO.- SETIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

“A selección realizarase mediante o sistema selectivo de concurso oposición, desenvolverase baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia prescritos na Lexislación vixente.

Fase de Oposición:

O procedemento selectivo consistirá na superación dos seguintes exercicios:

a) Proba teórico-práctica. (obrigatorio e eliminatorio)

Consistirá na resolución por escrito dun cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha delas será correcta, correspondentes ao temario que figura no Anexo II adxunto ás presentes bases. As preguntas de reserva só se corruxirán se algunha das 50 primeiras e reclamada por algún aspirante e a citada reclamación e estimada por Tribunal; nese suposto anularase a pregunta e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así si houberse máis impugnacións estimadas polo Tribunal, sempre seguindo a orde establecida nas preguntas de reserva.

O exercicio terá a duración máxima que determine o Tribunal.

b) Coñecemento da lingua galega.

Constará de dúas probas:

Primeira: tradución dun texto do castelán ao galego proposto polo tribunal. Segunda: tradución dun texto do galego ao castelán proposto polo tribunal.

O exercicio valorarase como apto ou non apto e, para superalo, será necesario obter o resultado de apto. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos exixido

Estarán exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posuían o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo).

DEBE DICIR

SETIMA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase mediante o sistema selectivo de concurso oposición, desenvolverase baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia prescritos na Lexislación vixente.

Fase de Oposición:

O procedemento selectivo consistirá na superación dos seguintes exercicios:

a).- Esta fase de proceso de selección constará dun exercicio eliminatorio. A puntuación mínima será de 0 de a máxima de 10. Os aspirantes que non alcancen 5 puntos quedarán eliminados do proceso de selección e serán cualificados como “non aptos”.

A proba de carácter obrigatorio e eliminatorio igual para todos os aspirantes, consistirá en contestar por escrito un exercicio práctico tipo test de 50 preguntas, máis 5 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. As preguntas de reserva só se corruxirán se algunha das 50 primeiras e reclamada por algún aspirante e a citada reclamación e estimada por Tribunal; nese suposto anularase a pregunta e será substituída pola primeira pregunta de reserva, e así si houberse máis impugnacións estimadas polo Tribunal, sempre seguindo a orde establecida nas preguntas de reserva.

Todas as preguntas estarán relacionadas co temario recollido no Anexo II destas bases.

O tempo máximo para a realización desta proba será de 60 minutos.

b).- Coñecemento da lingua galega.

Constará de dúas probas:

Primeira: traducción dun texto do castelán ao galego proposto polo tribunal.

Segunda: traducción dun texto do galego ao castelán proposto polo tribunal.

O exercicio valorarase como apto ou no apto e, para superalo, será necesario obter o resultado de APTO. Corresponderalle o Tribunal determinar o nivel de coñecemento esixido.

Estarán exentos de realizar este exercicio os/as aspirantes que acrediten dentro do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo posuían o Celga 3 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia de acordo coa

disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG nº 146, do 30 de xullo)."

A selección realizarase mediante o sistema selectivo de concurso oposición, desenvolverase baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia prescritos na Lexislación vixente.

Fase de Concurso. Nesta fase valorarase:

EXPERIENCIA: Valoraranse os servizos prestados na Administración, en réxime laboral ou funcionarial, coa categoría de Auxiliar administrativo a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado, a xornada completa, cun máximo de 4 puntos. Para acreditar este mérito deberase achegar certificado emitido polo órgano competente da Administración correspondente no que se indique o posto ocupado, o tempo durante o que prestou servizos e a xornada. No caso de que os servizos non fosen prestados a xornada completa, a puntuación aplicarase proporcionalmente á duración da xornada. A valoración realizarase por mes completo.

TITULACION: Valorarase estar en posesión dalgunha titulación oficial superior á requirida a efectos de admisión na convocatoria, cun máximo de 1 punto, seguindo a seguinte relación por titulación:

- Bacharelato ou formación profesional de grao medio ou técnico en FP, bacharelato superior, FP2 ou equivalente: 0,25 puntos.

- Título de formación profesional de grao superior ou técnico superior: 0,50 puntos.

- Diplomatura, enxeñería técnica ou equivalente: 0,75 puntos.

- Licenciatura, enxeñería ou equivalente: 1 punto.

Só se valorará o título superior presentado.

Á fase de concurso só poderán optar os aspirantes que superasen a fase previa de oposición. Consistirá na valoración dos méritos alegados e documentalmente xustificados de acordo co baremo establecido no parágrafo anterior.

En ningún caso o tribunal poderá valorar como méritos aqueles que non fosen xustificados de acordo co establecido nas presentes bases.

Establécese un período de proba de dous meses. Transcorrido devandito período, o persoal que o supere satisfactoriamente adquirirá a condición de persoal laboral temporal.

OITAVA.- LISTA PROVISIONAL .

Unha vez terminada a cualificación provisional dos aspirantes, o Tribunal fará público no taboleiro físico de anuncios sito na casa do Concello e na páxina Web, a lista provisional coas puntuacións provisionais obtidas por cada aspirante en cada fase do proceso selectivo (fase de oposición), así como ás correspondentes aos méritos profesionais e aos formativos. Por último, sinalarase a puntuación provisional total obtida .

Contra esta lista provisional poderanse presentar alegacións, que non terán carácter de recurso, perante o Tribunal Cualificador, no prazo de dez días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da mesma. Ditas alegacións serán decididas na cualificación definitiva.

NOVENA.- PUNTUACIÓN DEFINITIVA E CRITERIOS DE DESEMPATE.

Transcorrido o prazo referido na base anterior e resultas as alegacións no seu caso presentadas, o Tribunal Cualificador fará pública a relación definitiva por orde de puntuación total obtida. Dita publicación farase pública no taboleiro físico de anuncios sito na casa do Concello e na páxina Web.

En caso de empate na puntuación entre dúas ou máis aspirantes, este resolverase a favor do que maior puntuación obtivo na fase de oposición, no caso de persistir o empate, este resolverase a favor do aspirante que teña maior puntuación nos méritos formativos, en caso de manterse a igualdade, esta resolverase por un sorteo público entre os aspirantes empatados.

Se o Tribunal apreciase que os aspirantes non reúnen as condicións mínimas necesarias para ser contratados, poderá declarar deserto o procedemento selectivo.

DECIMA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES.

Atribúese ao Sr. Alcalde -Presidente da Corporación a facultade de interpretar estas bases, a resolución de incidencias e recursos, ata o acto de constitución do Tribunal, en que se atribuirá a este, a facultade de interpretación e resolución de incidencias.

DECIMOPRIMEIRA.- BOLSA DE TRABALLO

Todas as persoas que superen o proceso de selección, serán incluídas nunha bolsa de traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias, para contratación de persoal nas distintas áreas de prestación de servizos desta Administración, como Funcionarios interinos no Concello de Chantada.

O integrante da bolsa que obteña un contrato de traballo co Concello causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado suporá o pase do aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.

Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.

Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

Esta bolsa de emprego terá a vixencia máxima de catro anos desde a súa aprobación.

E no momento da súa utilización os aspirantes deben presentar toda a documentación que acredite o cumprimento de todos os requisitos esixidos.

DÉCIMO SEGUNDA - RECURSOS.

Contra as presentes bases poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o órgano que aprobou as bases no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa última publicación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados igualmente desde o día seguinte ao da súa última publicación, perante o xulgado do Contencioso-Administrativo correspondente, todo iso de conformidade cos artigos, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. No caso de interposición de recurso de reposición, deberase esperar a que este se resolva e notifique, ou ben a que poida ser entendido como desestimado en virtude de silencio. Non obstante o anterior, os interesados poderán presentar calquera outro recurso que estimen procedente en defensa dos seus dereitos e intereses.

Os actos administrativos que se deriven das presentes Bases e das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Chantada, 8 de xullo de 2021.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodríguez.

R. 2083

A FONSGRADA

Anuncio

PADRÓS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO SEGUNDO BIMESTRE DO 2021

Aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 06 de xullo de 2021, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 2º bimestre do exercicio 2021, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 07-07-2021 ao 07-09-2021. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 7 de xuño de 2021.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2071

FOZ*Anuncio*

Formada e rendida a Conta Xeral desta corporación correspondente a o ano 2020 cos estados e contas aos que se refire o artigo 209 do RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as regras 44 a 55 da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local aprobada por Orden HAP/1781/2013, de 20 de setembro e informada pola Comisión Especial de Contas, na súa sesión do día 1 de xullo de 2021, ditaminou a conta xeral do Concello de Foz, correspondente o exercicio económico 2020. Exponse o público, cos documentos que a xustifican, na Intervención desta entidade, por un prazo de quince días, a contar dende o día seguinte ao de publicación de dito anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante os cales quen se estimen interesados poderán examinar e presentar por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co artigo 116 da Lei 7/1985 de 2 de abril, e o 212 do RD lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

Foz, 7 de xullo do 2021.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2072

*Anuncio***Aprobación inicial Orzamento Xeral 2021.**

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de xullo do 2021, ó proxecto de Orzamento Xeral; Bases de Execución; a plantilla do persoal funcionario e laboral, a masa salarial do persoal laboral e demais documentación que se acompaña, do Concello de Foz para o exercicio económico do 2021.

De acordo co establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese a exposición pública polo período de quince días hábiles, a contar desde o seguinte ó da publicación deste anuncio, no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na Intervención Xeral do Concello para presentar as reclamacións que consideren oportunas, que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente desta Corporación.

Se ó termino do período de exposición ó público non se presentaran reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, inseríndose, anuncio de aprobación definitiva resumido por Capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o artigo 169.3 do citado Real Decreto Lexislativo.

Foz, 7 de xullo do 2021.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2073

MURAS*Anuncio***Aparición res mostrenca en Muras**

O pasado 6 de xullo de 2021 unha veciña da localidade pon e coñecemento a aparición dunha res equina na súa propiedade. En data 7 de xullo decretase a incautación e noméase depositario do animal á empresa Transporte de animais vivos Fernando Pita, nas súas instalacións de Cabreiros, concello de Xermade. Consonte a normativa aplicable (artigo 86.4 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia; e artigo 28 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, que regula o destino dos bens mostrencos), ábrese un período de información pública de dez días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que as persoas propietarias as reclamen. No caso de que ninguén as reclame, o Concello procederá consonte ao artigo 28.1 do Decreto 142/2012.

Muras, 7 de xullo de 2021.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2075

PALAS DE REI*Anuncio***SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA CONTRATOS TEMPORAIS DE AXUDA A DOMICILIO MEDIANTE INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN**

BASES DA CONVOCATORIA

1. Obxecto

A convocatoria ten por obxecto a contratación laboral de carácter temporal, mediante contrato por obra ou servizo determinado de 2 postos de axuda no domicilio, coa finalidade de dotar o servizo de mais persoal, debido as baixas contractuais, para a atención domiciliaria.

2. Características do posto de traballo ofertado

Denominación do posto:	Axuda a domicilio
Réxime	Contrato laboral temporal
Unidade/Área	Servizos Sociais
Categoría profesional	9
Titulación esixible	Estudios primarios ou equivalentes
Sistema de selección	Concurso-oposición
Núm. de Postos que se convocan	2 postos contrato 401

3. Modalidade e condicións do contrato

Modalidade segundo regulación do RDLex 2/2015 (Estatuto dos Traballadores)	Obra ou servizo determinado.
Réxime de dedicación (xornada completa ou parcial)	Xornada completa
Xornada de traballo (horas semanais e prestación)	8h/día
Retribución bruta	SMI 2021 con prorrateo das extras

4. Requisitos dos aspirantes

4.1. De carácter xeral (artigo 50 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia)

a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, permita o acceso ao emprego público.

b) Estar en posesión da titulación que se esixa nas bases ou estar en condicións de obtela.

c) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

Non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

d) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

f) Non haber traballado en esta administración, 24 meses ou máis nos últimos meses a contar desde a data das bases, segundo o establecido especialmente nos artigos 27 e 28 da Ley 2/2015 do emprego público de Galicia.

Tanto os requisitos imprescindibles, como os méritos que se aleguen, deberán ser acreditados mediante certificacións expedidas polos organismos competentes. A acreditación da experiencia profesional deberá realizarse mediante certificacións oficiais descritivas do tempo e funcións desenroladas: **vida laboral e certificados administrativos, contratos administrativos, contratos laborais ou similares.**

4.2. De carácter específico.

- Certificado de Lingua Galega Nivel 2 (Celga 2) ou equivalente.
- Estudios primarios ou equivalentes
- Permiso de conducir B1.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

Os requisitos anteriores deberanse reunir con referencia ao último día do prazo de presentación de instancias.

5. Publicidade.

As presentes Bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e páxina web do Concello de Palas de Rei.

Todos os anuncios relativos a este procedemento selectivo e os sucesivos trámites publicaranse na páxina electrónica do concello.

6. Procedemento selectivo.

6.1. Documentación.

As persoas interesadas presentarán no rexistro xeral do Concello ou por calquera dos medios que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, a solicitude debidamente cumprimentada, e no modelo oficial que se publica como **Anexo I** a estas bases, asinada e dirixida ao Alcalde do Concello de Palas de Rei, xunto coa documentación que na mesma se indica.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou nas oficinas de correos e poder realizar o seu seguimento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán adiantar á dirección concellopalas@gmail.com, un resgado de ter presentado a solicitude, dentro do prazo de presentación, indicando como asunto: proceso axuda a domicilio

6.2. Prazo de presentación de instancias.

Tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

6.3 Admisión.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde aprobará a listaxe provisional de admitidos e excluídos, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión.

A listaxe publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dous días hábiles** para emendar os erros ou defectos advertidos, a partir da publicación do anuncio na sede electrónica do Concello.

Transcorrido o prazo de dous días sen reclamacións, a lista de admitidos/as, quedará elevada automaticamente a definitiva e publicarase nos lugares anteriormente expresados.

No caso de producirse reclamacións, estas serán estudadas e ditarase resolución estimándoas ou desestimándoas. Dita resolución publicarase coa lista definitiva na sede electrónica do Concello.

6.4. Órgano de selección

A Comisión Técnica de Selección será nomeada por resolución do alcalde e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e terase en conta a normativa reguladora da igualdade entre homes e mulleres.

Os membros do órgano de selección deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no que para o ingreso se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

6.5. Colaboradores.

A Comisión Técnica de Selección, en atención ao volume de traballo en relación coa urxencia do procedemento ou debido ás especificacións técnicas das probas establecidas poderá solicitar a asistencia de persoal colaborador entre os empregados do concello ou asesoramento especial, sen que neste caso sexa necesariamente persoal da propia entidade.

O persoal colaborador ou asesor terá dereito ás mesmas cantidades asignadas aos vogais en concepto de asistencia, sen prexuízo das indemnizacións por gastos que legalmente corresponda aplicar.

En ningún caso estará presente nas votacións da Comisión Técnica de Valoración.

6.6. Sistema de selección e puntuación.

A selección dos candidatos realizarase, de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de selección que se indica no cadro que se transcribe na base 2.

Proba de Galego:

Para dar cumprimento á normalización do idioma galego nas administracións públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas administracións públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei incluírase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, no seu caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.

Se o aspirante non está exento da proba de galego deberá realizar unha proba, que terá carácter eliminatorio, e consistirá nun tipo test proposto polo tribunal, nun tempo máximo de media hora.

Cualificarase a proba como apto/a ou non apto/a e publicarase mediante anuncio no taboleiro e na sede electrónica do Concello de Palas de Rei. Os/as aspirantes disporán dun prazo de dous días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas contra as referidas cualificacións.

Estarán exento da realización desta proba aqueles aspirante que posúan o celga 2 ou equivalente. Estes aspirantes terán a cualificación de apto.

7. Fase de concurso (Máximo 4 puntos):

“Méritos computables: Os establecidos no REGLAMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL E BOLSA DE TRABALLO DO CONCELLO DE PALAS DE REI publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo Boletín Número 087, de 17/04/2006

1. Méritos Profesionais

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en Administración Pública en igual posto ou similar: 0,10 puntos

-Por mes traballado ou fracción superior a quince días en empresa pública ou privada, cando sean por conta allea, en igual posto ou similar: 0,05 puntos, hasta un máximo de 1,5 puntos

2. Formación extraacadémica recibida.

Considerarase neste apartado a asistencia a cursos, seminarios, congresos, jornadas ou similar impartidos por organismos públicos e/ou oficiais, e organismos privados, relacionada co posto a desempeñar, valorándose mediante a aplicación da seguinte fórmula:

Centros de Formación Públicos: Nº horas X 0,005 puntos.

Centros de Formación Privados: Nº horas X 0,002 puntos.

Aplicarase a fórmula de valoración a aqueles cursos dunha duración inferior ou igual, nunca superior a 250 horas, e decir, o máximo establecido na duración dun curso para o seu cómputo e de 250 horas.

Neste apartado non se valorará a titulación académica esixida para o acceso ao posto correspondente nin as que resulten necesarias para obter a titulación superior.

Valoraranse outras titulacións académicas complementarias e directamente relacionadas co posto con 1 punto.

3. Formación extraacadémica impartida.

Consideraranse neste apartado os cursos, as conferencias, os seminarios, as comunicacións a congresos, as ponencias, etc. organizados polos organismos públicos e as publicacións.

Por cada hora de curso: 0,05 puntos.

Por conferencia ou ponencia en cursos, seminarios ou xornadas: 0,15 puntos.

Por cada comunicación: 0,10 puntos.

Por cada artigo en revista especializada: 0,40 puntos.

Por cada capítulo de libro: 0,40 puntos/Nº de autores, sin poder exceder de 1 punto.

Por cada libro: 1 punto/Nº de autores.

En caso de empate en la fase de concurso se estará a lo dispuesto en el artículo 44 del Real Decreto 364/1995. “

8.-Fase de oposición (Máximo 6 puntos)

Realizarase unha proba tipo text que elaborará o tribunal segundo o temario que acompaña estas bases como ANEXO I

8.1. Acreditación

Os méritos alegados acreditaranse mediante a copia auténtica dos diplomas ou certificados expedidos polos organismos ou entidades correspondentes.

A experiencia laboral deberá vir debidamente acreditada cos contratos de traballo ou certificados de empresa, onde se indique de forma clara o seu inicio e finalización dos mesmos, así como a categoría profesional pola que fora contratado.

Achegarase así mesmo, informe de vida laboral.

8.2. Valoración, relación de aprobados e proposta de resolución.

A cualificación definitiva do proceso selectivo estará determinada pola suma total das puntuacións obtidas nos dous exercicios, da fase de oposición mais a dos méritos acreditados na fase de concurso.

Finalizado o proceso de realización das probas establecidas e a avaliación dos méritos que anteriormente se concretan, a Comisión Técnica de Selección confeccionará a listaxe dos/as aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde decrecente de puntuación, e remitirá ao órgano competente proposta de candidato/a para a formulación do contrato, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para alegacións que resolverá o Alcalde, previo informe da comisión de selección.

O órgano competente procederá á formalización do contrato previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

9. Constitución de bolsa de emprego

Constituirase una bolsa de emprego coas persoas que superen a fase de concurso e non resultaran seleccionadas para a formalización do contrato, a fin de que poida ser utilizada en futuros chamamentos que puidesen resultar necesarios para cubrir vacantes temporalmente, debidas a calquera circunstancia sobrevida. A bolsa será ordenada segundo a puntuación obtida na oposición mais os méritos acreditados, seguindo o procedemento de publicidade e alegacións descrito no apartado anterior.

10. Incidencias

A Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello de Palas de Rei.

ANEXO I

- 1.- Ley 13/2008, de 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia
- 2.- La constitución española: Estructura básica y derechos y deberes fundamentales
- 3.- Decreto 148/2014, de 6 de noviembre, por el que se modifica el Decreto 99/2012, de 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiación

Anexo I

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR O POSTO QUE SE RELACIONA.

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PALAS DE REI (LUGO)

POSTO DE TRABALLO AO QUE SE PRESENTA
.

DATOS PERSOAIS

APELIDOS E NOME	DNI
DOMICILIO	Tlf.
	e-mail

SOLICITO participar na convocatoria para selección de persoal identificada no encabezamento a cuxas bases me someto expresamente.

DECLARO BAIXO A MIÑA PERSOAL RESPONSABILIDADE que reúno os requisitos esixidos para participar no proceso segundo as bases que regulan a convocatoria e comprométome a aportar a documentación requirida no momento en que se me esixa polo órgano de selección.

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que toda a documentación que se presenta é copia fidedigna da orixinal comprometéndome a presentar os orixinais no caso de que me sexan requiridos.

ACHEGO A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA ESIXIDA NAS BASES

- a) Copia do DNI ou pasaporte
- b) Estudos primarios ou equivalente
- c) Copia do Celga 2 ou equivalente

(Para o caso de non acreditar o Certificado Celga, enténdese solicitada a realización da proba de galego).

ACHEGO OS SEGUINTE DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DOS MÉRITOS (-acreditación-):

(Relacionar os documentos que se acompañan)

1. 2. 3. 4. (...)

-----, -- de ----- de 2020

(sinatura)

Palas de Rei, 8 de xullo de 2021.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2084

SARRIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

O 22 de xuño de 2021 o Pleno de Sarria acordou a modificación da plantilla e o anexo de persoal, para dar cumprimento a diferentes sentenzas da xurisdición do social que teñen declarado o carácter indefinido non fixo da relación laboral de varios empregados municipais así como a modificación da praza de Técnico Local de Emprego por Técnico de Xestión.

Considerando que conforme ao artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sonlle de aplicación as mesmas normas sobre información, reclamacións e publicidade previstas no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para a aprobación dos Orzamentos así como o artigo 90 da LRBRL.

De conformidade co artigo 126 do Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, sométese a información pública, o expediente 1698/2020, polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as reclamacións que se estimen pertinentes.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://sarria.sedelectronica.es>. No caso de que non se presentasen reclamacións durante este período, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial e a modificación considerárase aprobada.

Sarria, 6 de xullo de 2021.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martinez.

R. 2076

TRABADA

Anuncio

CONTA XERAL 2020 DO CONCELLO DE TRABADA.

Unha vez informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, en sesión celebrada o día 16 de xuño do ano en curso, a Conta Xeral correspondente ó exercicio económico 2020, de conformidade co disposto no apartado 3 do artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposta ó público na Secretaría- Intervención deste Concello, por prazo de quince días, contados a partir do seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Durante dito prazo e oito días mais os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Trabada, 7 de xullo de 2021.- ALCALDESA, Mayra García Bermúdez.

R. 2077

CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Anuncio

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO ANO 2021

Por acordo da Comisión Executiva do Consorcio de data 24 de xuño de 2021, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento co seguinte contido:

“Visto o informe da Secretaría- Intervención do Consorcio de data 08 de maio de 2021 relativo a Oferta de Emprego Público 2021 do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, do teor literal seguinte:

“1.- ANTECEDENTES

Os artigos 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (L.R.B.R.L.), 233 da Lei de Administración Local de Galicia e 128.1 do Real Decreto Lexislativo 781/86, establecen que as Entidades Locais aprobarán e publicarán, dentro do prazo dun mes desde a aprobación do Orzamento, a Oferta de Emprego Público (OEP) de conformidade cos criterios fixados pola normativa básica estatal.

O artigo 13 dos Estatutos do Consorcio provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, sinala que lle corresponde á Comisión Executiva aprobar a Oferta de Emprego Público de acordo co Orzamento e o Cadro de Persoal aprobados polo Pleno.

O Orzamento para o ano 2021 do Consorcio foi aprobado inicialmente polo Pleno en sesión celebrada o 20 de novembro de 2020, quedando aprobado definitivamente ao non terse producido reclamacións (BOP nº 298, de 29 de decembro do 2020), e a través daquel, os cadros de persoal funcionario e laboral desta Entidade, no que constan, entre outros contidos, as prazas vacantes dotadas orzamentariamente que se incluírán na Oferta de Emprego para 2021.

2.- NORMATIVA ESPECÍFICA REGULADORA DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO:

O artigo 70 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), establece:

“Oferta de Emprego Público.

1. As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ate un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria destes. En todo caso, a execución da Oferta de Emprego Público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

2. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no Diario Oficial correspondente.

3. A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.”

Así mesmo o artigo 37.1 Do EBEP, sinala:

“Materias obxecto de negociación.

1.- Serán obxecto de negociación, no seu ámbito respectivo e en relación coas competencias de cada administración Pública, e co alcance legal que proceda en cada caso:

(...)

Os criterios xerais sobre ofertas de emprego público”.

O artigo 10.4 do EBEP sinala tamén:

“No suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo (existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira), as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fora posible, na seguinte agás que se decida a súa amortización.”

O artigo 59 do EBEP dispón que:

“1. Nas ofertas de emprego público reservarase unha cota non inferior ao sete por cento das vacantes para ser cubertas entre persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas, de modo que progresivamente alcáncese o dous por cento dos efectivos totais en cada Administración Pública.

A reserva do mínimo do sete por cento realizarase de maneira que, polo menos, o dous por cento das prazas ofertadas o sexa para ser cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual e o resto das prazas ofertadas o sexa para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

2. Cada Administración Pública adoptará as medidas precisas para establecer as adaptacións e axustes razoables de tempos e medios no proceso selectivo e, unha vez superado devandito proceso, as adaptacións no posto de traballo ás necesidades das persoas con discapacidade.”

3.- CONSIDERACIÓNS DENDE O PUNTO DE VISTA DA FISCALIZACIÓN

As necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deban proverse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso serán obxecto da Oferta de Emprego Público, ou a través doutro instrumento similar de xestión da provisión das necesidades de persoal, o que comportará a obriga de convocar os correspondentes procesos selectivos para as prazas comprometidas e ata un 10 % adicional, fixando o prazo máximo para a convocatoria dos mesmos. En todo caso, a execución da oferta de emprego público ou instrumento similar deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos.

A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar, que se aprobará anualmente polos órganos de Goberno das Administracións Públicas, deberá ser publicada no diario oficial correspondente.

A Oferta de Emprego Público ou instrumento similar poderá conter medidas derivadas da planificación de recursos humanos.

Examinada o Cadro de Persoal e a correspondente Relación de Postos de Traballo do Consorcio, comprobouse que as prazas vacantes que se pretende incluír na Oferta de Emprego Público 2021 están incluídas e son correctas.

En todo caso, a Oferta de Emprego Público deberá respectar as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I do orzamento de gastos, quedando a súa execución, ao longo dos tres anos da súa vixencia, supeditada á existencia de créditos. A data actual existen dispoñibilidades orzamentarias para a execución da oferta de emprego público, non obstante, será no momento da súa execución cando deba certificarse a existencia de crédito.

4.- CONSIDERACIÓNS FINAIS

Á vista da documentación que obra no expediente, esta Secretaría – Intervención comproba que a tramitación do mesmo reúne todas as previsións que a normativa establece e que se axusta de forma estrita ao cumprimento das esixencias dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sendo a opinión do que subscribe favorable á tramitación do expediente.”

Consecuencia do anterior, procedeuse a someter á mesa Xeral de Negociación do Consorcio, celebrada en data 01 de xuño de 2021 a aprobación dos criterios xerais da Oferta de Emprego Público, sendo, logo das oportunas deliberacións, votado a favor por UGT, CSIF, SIBGAL e CIG e contando co voto desfavorable de CCOO.

Á vista de todo o sinalado, os criterios e o contido da Oferta de Emprego Público do Consorcio, correspondentes ao ano 2021, fórmulase nos seguintes términos:

1º.- Criterios que rexerán na OEP:

A OEP do Consorcio conterá as prazas de persoal de novo ingreso (quenda libre).

Consecuencia do sinalado anteriormente, os procesos selectivos realizaranse nunha soa quenda: Quenda libre na que poderán participar todos os que reúnan os requisitos xerais para o acceso ao emprego público.

Os postos correspondentes a esta praza están vinculados ós sectores ou ámbitos de actuación seguintes: Persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

Solicítase acordo unánime da Mesa Xeral de Negociación, no sentido de que con carácter xeral o sistema selectivo que rexerá nos procesos selectivos derivados da Oferta de Emprego será o de oposición libre. Para dar cumprimento a este acordo, adoptaranse as medidas necesarias para que as bases das correspondentes convocatorias se adecúen ás peculiaridades deste sistema selectivo, con respecto ao determinado nos principios contidos na norma antes citada, no Estatuto Básico do Emprego Público e na normativa que regula o acceso á función pública que resulte de aplicación.

No non expresado nos puntos anteriores, a Administración rexerá polas normas en vigor e polos criterios que considere máis axeitados dentro das súas potestades de planificación, programación e auto-organización.

2º. Contido da OEP do CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO:

Aos efectos informativos á Mesa Xeral de Negociación sobre as materias non susceptibles de negociación, establécese que o contido é o seguinte:

Réxime Xurídico Administrativo:

I. PRAZAS DE FUNCIONARIO. ACCESO LIBRE. (Taxa xeral ou ordinaria. Art. 19. Un. 3. LOXE -2018)

PRAZA	Nº VACANTES	GRUPO	POSTO	ESCALA SUBESCALA
Técnico de Administración Xeral	1	A1	Técnico de Administración Xeral	ADMN. XERAL/ADMINISTRATIVA

Con base no anterior informe transcrito e demais consideracións exposto, propono á Comisión Executiva do Consorcio, en atribución das competencias que lle confire o art. 13 dos Estatutos do Consorcio acorde :

- ***Aprobar a Oferta de Emprego Público do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento para o ano 2021 co contido das prazas anteriormente enumeradas.***

O que se fai público en cumprimento do determinado no art. 70.2 do RDL 5/2010, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, con indicación de que a presente Resolución é definitiva, polo que contra esta os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Comisión Executiva, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, ou recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a citada publicación, na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poda interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Lugo, 7 de xullo de 2021.- O Secretario-Interventor, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2078

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – LUGO

Anuncio

EXTRACTO DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS ÁS ASOCIACIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A DINAMIZACION ECONOMICA NO EXERCICIO 2021 NO EIDO DA AREA DE COHESION E DINAMIZACION SOCIAL.

CODIGO BDNS.- 573953

1.-OBXECTO E FINALIDADE

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencions por parte do Concello de Lugo, Área de Cohesión e Dinamización Social, ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro para cofinanciar parcialmente proxectos e/ou actividades desenvolvidas durante o exercicio económico 2021, consideradas de interese para a promoción económica do municipio ou de utilidade pública para o Concello de Lugo no eido do fomento e da dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no municipio de Lugo.

Preténdese dar soporte ás entidades que leven a cabo proxectos de fomento, sensibilización, formación, información e asesoramento sobre a cultura emprendedora, a dinamización económica, o aproveitamento de recursos, a posta en valor do territorio, o fomento do emprendemento e a creación de emprego no municipio de Lugo.

2.-ENTIDADES BENEFICIARIAS

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencions as asociacións e entidades sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e así mesmo inscritas nos rexistros correspondentes, que tendo a súa sede e domicilio social en Lugo, teñan recoñecidos nos seus fins estatutarios a realización de actividades de fomento, promoción económica, comercio, formación empresarial e para o emprego, comercial, empresarial, hostalería e/ou creación de emprego a través de proxectos que pretenden a mellora económica do municipio de Lugo e a creación de emprego, autoemprego e creación de empresas do municipio de Lugo, e que cumpran os requisitos da Base núm.2.

3.-CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E CONTÍA DAS SUBVENCIONS

No orzamento municipal para o exercicio de 2021 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencions segundo a continuación se indica:

Servizo: Desenvolvemento Local- Área de Cohesión e Dinamización Social

Aplicación orzamentaria: 24100.48900

Importe: 57.500€

Subvencionarase ata un máximo do 90% do custo total da acción para a que se solicita a subvención, segundo o orzamento presentado. O importe máximo de subvención por asociación ou entidade sen ánimo de lucro, non poderá exceder da cantidade de 2.500 euros.

4.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACION DE SOLICITUDES

Vista a natureza das entidades beneficiarias, e no referente á forma de presentación das solicitudes e demais documentación, faise constar a obriga de relacionarse a través de medios electrónicos, e a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica do Concello de Lugo, conforme ao establecido nos artigos 14 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DIAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria no B.O.P. de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Asimesmo publicaranse as Bases na páxina web e no Taboleiro de Anuncios (www.lugo.gal) do Concello de Lugo, debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

5.- DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR COAS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación recollida na Base nº 5.

6.-CRITERIOS DE VALORACIÓN

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os criterios relacionados na Base nº 8, sendo a puntuación máxima a obter de 14 puntos.

7.-GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2021.

Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como: alugamentos, gastos de transporte, gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados, adquisición de material non inventariable, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...) vestuario, prestación de servizos culturais e outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc. (no caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado, entendendo como tal aquel que en ningún caso supere o importe de 300,00 €.)

Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas, ata un máximo do 40% do importe da subvención concedida.

Non serán subvencionables:

Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas.

As facturas e demais documentos de valor probatorio emitidos por membros da asociación que se subvencionan.

8.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar en REXISTRO a documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento, segundo a Base nº 10.

9.- DATA LÍMITE PARA A XUSTIFICACIÓN

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 30 de novembro de 2021. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráse e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

10.- ANEXOS NORMALIZADOS I, II, III, IV, V, VI,VII e VIII

Para solicitar subvención deberán presentar os ANEXOS: I,II,III e IV.

ANEXO I.-Modelo normalizado de Solicitud de subvención.

ANEXO II.- Modelo Normalizado de proxecto/memoria a cubrir polas persoas solicitantes de subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.- Modelo Normalizado para gastos de mantemento de conservación e pequenas reparacións de infraestructuras, co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO IV.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS: V, VI e VII

ANEXO V.- Modelo Normalizado de Memoria do proxecto realizado constando os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO VI.- Modelo Normalizado de Memoria cos ingresos e gastos levados a cabo en mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestructuras nas que a entidade desenvolve a súa actuación.

ANEXO VII.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

Lugo, 7 de xullo de 2021.- ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO.

R. 2085

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE: V/27/01397

PETICIONARIO: José González Aquino

VERTIDO

DENOMINACIÓN: Vivienda en Vilarigo

LOCALIDAD: Vilarigo Fraialde (Santa María)

TÉR. MUNICIPAL: Pol

PROVINCIA: Lugo

RÍO/CUENCA: Rial Do*/Rial Do*

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Vilarigo" - "José González Aquino", con un volumen máximo anual de 124,00 m³.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Fosa séptica.
- Arqueta de control.
- Infiltración terreno

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

Lugo, 29 de junio de 2021.- EL JEFE DE ÁREA DE GESTIÓN MEDIOAMBIENTAL, CALIDAD DEL AGUA Y VERTIDOS, Diego Fompedriña Roca.

R. 2079